

## **CONCELLO DE NARÓN**

### **AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA**

#### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:**

- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE NARON**

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### **NORMATIVA:**

Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE NARON**

Co que se pretende a adaptación da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón do ano 2010, á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; ao Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, así como ás capacidades organizativas e técnicas do propio Concello.

A actual Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón, redactouse para dar cumprimento as necesidades existentes naqueles intres, e adaptarse á lei 7/2007, que autorizaba o uso de medios electrónicos.

Pola súa banda, as Leis 39/2015 e 40/2015 e o Real Decreto 203/2021, non só establecen que se podan realizar tramitacións por medios electrónicos, senón que obrigan a que en determinados supostos as devanditas tramitacións unicamente se realicen deste xeito.

Por outra banda, o Esquema Nacional de Seguridade regulado no RD 3/2010 (e modificado no RD 951/2015 ),establece as medidas de seguridade que ditas tramitacións deben contemplar. O referido Esquema Nacional de Seguridade atópase, neste intres, en fase de proxecto de Real decreto para "adecua-lo á realidade imposta polo marco legal, á evolución tecnolóxica, ás novas ciberamenazas e os seus actores, facilitando a súa implantación polas entidades do sector público e aquelas entidades do sector privado que colaboran coas mesmas no tratamento de información ou na prestación de servicios públicos."

Todos estes cambios normativos obrigan a dar unha nova redacción á "Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón", así como establecer novas medidas de uso e adaptación dos sistemas municipais de xeito que dita normativa perdure no tempo.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 13 de xuño de 2022.